



## **REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA**



## Introdución.

É finalidade deste Regulamento de Régime Interior da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ordenar o funcionamento organizativo da mesma.

Ten a súa referencia interpretativa nos Estatutos e no Regulamento Marco das Seccións Profesionais do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A Psicoloxía Educativa é unha especialidade básica da Psicoloxía que abrangue a conduta humana e os seus fenómenos no marco do sistema social que se dedica á educación dos seres humanos.

Os seus obxectivos son:

- Analizar, describir e explicar as capacidades educativas das persoas, grupos e institucións.
- Deseñar modelos e procedementos de prevención, avaliación e intervención nos procesos educativos.

Os métodos a utilizar son os da observación e investigación científica que permitan acoller os distintos niveis de intervención desde o individual ao comunitario e ao longo de toda a vida do suxeito.

**Artigo 1.-** O nome da Sección é: Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

## Artigo 2.-

### 2.1.- Fins da Sección:

A Sección ten como fins os expresados no artigo 5 do Regulamento Marco:

- 2.1.1. Potenciar o desenvolvemento científico, técnico e profesional do ámbito disciplinario da Sección.
- 2.1.2. Promover a cooperación e o intercambio de información e experiencia profesional entre os membros da Sección.
- 2.1.3. Promover a presenza institucional e en organizacións de carácter internacional e o intercambio con outras asociacións nacionais e estranjeiras do seu correspondente ámbito disciplinario e outros relacionados cos fins da Sección.
- 2.1.4. Velar polo exercicio competente da profesión no ámbito que lle é propio, e por unha práctica da profesión acorde co Código Deontolóxico da Psicoloxía establecendo, se é o caso, os criterios ou requisitos de cualificación recomendables para un adecuado exercicio profesional.
- 2.1.5. Potenciar a investigación e a formación no ámbito propio da Sección.

Páx. 2 de 10

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA  
(Aprobado en Xunta Xeral do COPG de 21/12/2001 e modificado en Asemblea Xeral de Colexiados-as do COPG de 25/05/2010) 15706 Santiago de Compostela

- 2.1.6. Potenciar a proxección pública da profesión.
- 2.1.7. Calquera outro obxectivo que contribúa á consecución dos fins colexiais no ámbito profesional e científico propio da Sección.

## 2.2. Funcións da Sección:

A Sección ten como funcións as expresadas no artigo 6 do Regulamento Marco:

- 2.2.1. Funcións de potenciación do desenvolvemento científico profesional a través da organización de actividades de intercambio científico profesional (Congresos, Xornadas, etc.), das publicacións periódicas e non periódicas, do apoio e iniciativa na realización de investigacións ou estudos específicos, e doutras que, se é o caso, podan contribuír a este fin.
- 2.2.2. Funcións que permitan velar polo prestixio da profesión entre as que cabe mencionar a acreditación de profesionais e dos Programas de Formación de Posgrao dese ámbito específico.
- 2.2.3. Funcións informativas a outros órganos de goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, no ámbito das súas competencias, por iniciativa propia ou a petición destes.
- 2.2.4. Funcións de articulación e integración da actividade profesional creando grupos de traballo, desenvolvendo intercambios entre profesionais e estimulando a cooperación con outras Seccións.
- 2.2.5. Funcións de desenvolvemento da imaxe da profesión na área disciplinaria que lle é propia promovendo iniciativas de investigación das tendencias de evolución científico profesional, contribuíndo a clarificar e mellorar a imaxe da profesión, e realizando programas de actuación para mellorar o coñecemento público das características e beneficios dos servizos psicolóxicos na educación.
- 2.2.6. Funcións de cooperación con outras asociacións profesionais da mesma ou afíns disciplinas.
- 2.2.7. Elevar propostas e informes á Xunta de Goberno para a formalización de acordos, convenios e outras formas de cooperación con entidades públicas ou privadas que teñan obxectivos similares.
- 2.2.8. Obriga dos órganos directivos da Sección de atender requirimentos que lles poda facer o Valedor dos/as colexiados/as.
- 2.2.9. Funcións dos diferentes membros da Xunta Directiva da Sección:  
Corresponde ao/á Presidente/a convocar e presidir as reunións da Xunta Directiva e da Asemblea de Socios/as da Sección, así como

representar á Sección no ámbito da súa actuación e no marco do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

O/A Vicepresidente/a substituirá ao/á Presidente/a en caso de ausencia e desempeñará todas aquelas funcións que aquel/a lle delege.

O/A Secretario/a desempeñará todas as funcións propias do cargo, realizará a Memoria anual correspondente, custodiará a documentación da Sección e estenderá certificados.

O/A Tesoureiro/a ten a responsabilidade da custodia de fondos e da execución do orzamento, informando á Xunta Directiva periodicamente do seu desenvolvemento.

Os/As Vogais participarán nas tarefas de goberno e asistirán ás reunións assumindo as funcións que se lle asignen.

**2.2.10. Socios/as.** Da adquisición e perda da condición de socio/a. Dereitos e deberes dos/as socios/as.

a) Poderán ser socios/as da Sección todos aqueles colexiados e colexiadas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que reúnan os requisitos establecidos para iso.

No seu momento, e en exercicio das facultades que lle son propias, os órganos de goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia regularán a participación de persoas non colexiadas nas actividades das Seccións.

b) Para ser socios/as da Sección os/as colexiados/as no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deben:

- Acreditar o nivel de experiencia científica ou profesional que se esixa no Regulamento específico da Sección.

- Satisfacer as cotas que, no seu caso, a Sección teña establecidas.

- Solicitalo por escrito ao/á Presidente/a da Xunta Directiva da Sección, aportando a xustificación documental requirida.

- Non estar incurso en sanción que conlleve apartamento da vida profesional.

A Xunta Directiva resolverá no prazo máximo de tres meses desde a recepción da solicitude. O acordo de admisión ou rexeitamento definitivo tomarase por maioria absoluta, debendo comunicarse ao/á interesado/a no prazo de quince días desde a resolución. En caso de denegación, esta será razoada.



Ante este acordo da Xunta Directiva da Sección, o/a solicitante poderá presentar recurso ante a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Os/As socios/as da Sección terán todos os dereitos e deberes que se establecen nos artigos 20 e 21 do Regulamento Marco das Seccións Profesionais e os que se establezan nos Regulamentos de Régime Interior de cada Sección. Só se poderá pertencer, como máximo, a dúas Seccións colexiais simultaneamente.

c) Os dereitos das/os socias/os da Sección son os seguintes:

- Asistir ás reunións da Asemblea de Socios/as da Sección, con voz e voto.
- Elixir e ser elixidos/as para postos de representación ou exercicio de cargos directivos.
- Exercer a representación que se lle confira en cada caso.
- Intervir no goberno e nas xestións da Sección, como tamén nos servizos e actividades da Sección, de acordo coas normas legais e estatutarias.
- Solicitar e obter explicacións sobre a administración e a xestión da Xunta Directiva ou dos mandatarios da Sección.
- Recibir a información sobre as actividades da Sección.
- Facer uso dos servizos comúns que estean a disposición da Sección.
- Formar parte dos grupos de traballo.

d) As obrigas dos/as socios/as da Sección son:

- Axustar a súa actuación ás normas estatutarias e/ou regulamentarias.
- Cumprir os acordos da Asemblea de Socios/as e as normas que estableza a Xunta Directiva para levar a cabo estes acordos.
- Satisfacer as cotas que se establezan para tales socios/as.
- Prestar a colaboración necesaria para o bo funcionamento da Sección.

e) Son causa de baixa na Sección:

- A propia vontade do/a interesado/a, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- Non satisfacer as cotas fixadas.

Páx. 5 de 10

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA  
(Aprobado en Xunta Xeral do COPG de 21/12/2001 e modificado en Asemblea Xeral de Colexiados-as do COPG de 25/05/2010) Rúa Espinela, 50 Baixo 15001 Santiago de Compostela 15706 Santiago de Compostela

- Non cumplir as obrigas estatutarias.
- Ter sido sancionado/a con falta grave ou moi grave por infracción do Código Deontolóxico.

O acordo de baixa, nos supostos 2 e 3, deberá ser tomado por maioría absoluta da Xunta Directiva, e referendado pola Asemblea de Socios/as da Sección. Contra este acordo de baixa poderase interpor recurso ante a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

### **2.3.- Actividades da Sección:**

A Sección desenvolverá as seguintes actividades para acadar os fins e funcións antes sinalados:

- 2.3.1. Organización periódica de Xornadas Galegas de Psicoloxía Educativa que considerarán no seu programa tanto cuestións científicas como profesionais, e das que se responsabilizará un Comité Organizador e un Comité Científico que será nomeado pola Asemblea de Socios/as a proposta da Xunta Directiva.
- 2.3.2. Edición dunha publicación periódica que constitúa o instrumento regular de comunicación e divulgación científica e profesional da Sección, elixindo para tal fin un Consello de Redacción e un/unha Director/a a Asemblea de Socios/as a proposta da Xunta Directiva.
- 2.3.3. Difusión regular da información de interese relacionada co ámbito da Sección e con destino a todos/as os/as colexiados/as a través de órganos xerais de información do Colexio, designando a Xunta Directiva a un correspolosal para tal fin.
- 2.3.4. Organización, por iniciativa propia ou conxuntamente con outras entidades e institucións, de sistemas de apoio á formación, investigación e difusión científicas na Psicoloxía Educativa procurando a creación de becas, axudas e premios.
- 2.3.5. Apoyo á creación entre os membros da Sección de grupos de traballo estables para a investigación, a formación e intercambio científico. Para tal fin facilitará os medios organizativos dos que a Sección dispoña e asignará os medios económicos procedentes, conforme ao previsto nos artigos 14 e 33 do Regulamento Marco.
- 2.3.6. Seguemento, avaliación e acreditación dos Programas de Formación en Psicoloxía Educativa, e elaboración e presentación de propostas para a súa mellora.
- 2.3.7. Seguemento da situación dos dispositivos asistenciais e docentes nos que desenvolven o seu facer os/as profesionais da Psicoloxía

Educativa, e realización de propostas e valoracións necesarias para o mellor cumprimento dos seus obxectivos.

- 2.3.8. Atención á calidade e rigor da práctica profesional dos/as psicólogos/as educativos/as promovendo o desenvolvemento das accións de tipo organizativo e formativo necesarias para o seu incremento.
- 2.3.9. Difusión do Código Deontolóxico e progreso no seu desenvolvemento estudiando e propoñendo as incorporacións propias que a práctica actual da Psicoloxía Educativa necesita.
- 2.3.10. Estudo de criterios e requisitos de cualificación recomendables para o desempeño profesional da Psicoloxía Educativa.
- 2.3.11. Representación cando así sexa necesario naquelas instancias públicas ou privadas que teñan como obxecto principal da súa actividade a educación.
- 2.3.12. Seguimento da evolución do colectivo profesional da Psicoloxía Educativa e mantemento actualizado da información sobre o mesmo.
- 2.3.13. Creación dos grupos de traballo necesarios para o mellor cumprimento dos fins da Sección.
- 2.3.14. Cooperación con outras asociacións científicas e/ou profesionais relacionadas co obxecto e os fins da Sección para a consecución de obxectivos de interese común.
- 2.3.15. Realización de propostas e informes á Xunta de Goberno para o desenvolvemento das accións colexiais necesarias para o mellor cumprimento dos fins da Sección.
- 2.3.16. Establecemento de relacóns con asociacións de ámbitos xeográficos e culturais de interese preferente (Europa e Latinoamérica) para facilitar o mutuo intercambio e cooperación.
- 2.3.17. Estudo, informe e proposta das normas de orde legal que afecten ao desenvolvemento da Psicoloxía Educativa.
- 2.3.18. Administración dos recursos dos que en dereito dispoña e goberno da actividade que lle é propia.
- 2.3.19. Desenvolvemento da División de Psicoloxía Educativa do Fondo Documental do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

**Artigo 3.-** Xunto ao previsto nos artigos 18, 19, 20, 21 e 22 do Regulamento Marco, a Sección rexerase tamén polas seguintes concrecións das normas citadas:

- 3.1. Para ser membro da Sección acreditarase o desempeño profesional actual na Psicoloxía Educativa xa sexa na súa dimensión docente, investigadora ou aplicada, ou ben a formación especializada na mesma a través de sistemas acreditados ou o desempeño profesional no pasado.
- 3.2. A solicitude de ingreso realizaraa o/a colexiado/a cumprimentando a solicitude provista ó efecto á que engadirá a documentación certificativa provista no artigo anterior.

**Artigo 4.-** Os órganos de goberno da Sección, ademais do xa previsto nos artigos 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32 do Regulamento Marco, rexeranse polas seguintes normas:

- 4.1. A Asemblea de Socios/as da Sección reunirase previa convocatoria persoal aos membros da Sección, cun mes de antelación á súa realization e con expresión da orde do día e hora de primeira e segunda convocatorias, a ser posible no marco das Xornadas provistas no artigo 2.3.1 do presente Regulamento. Nela deberase aprobar, a proposta da Xunta Directiva, o Comité Científico e o Comité Organizador das Xornadas seguintes. Así mesmo aprobará, cando proceda, e a proposta da Xunta Directiva, o nomeamento do Director/a e Consello de Redacción da publicación periódica da Sección.
- 4.2. A Xunta Directiva da Sección estará constituída polos cargos provistos no artigo 27 do Regulamento Marco: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e entre tres e cinco Vogais.
- 4.3. A elección da Xunta Directiva realizarase, cada catro anos a través de votación directa e secreta de listas pechadas con expresión de cargos, que serán presentadas como candidaturas á Xunta Directiva con 45 días de antelación como mínimo ao día de eleccións.
- 4.4. As eleccións á Xunta Directiva serán convocadas a través de comunicación persoal a todos os membros da Sección con tres meses de antelación ao día da súa realization, que o será no marco da Asemblea de Socios/as Anual correspondente. A convocatoria de eleccións incluirá as normas de votación, o calendario electoral, os requisitos necesarios para concorrer como candidatura e os recursos que caberán ao proceso e prazos dos mesmos.
- 4.5. Un mes antes das eleccións a Xunta Directiva fará chegar aos membros da Sección a información sobre as candidaturas presentadas incluíndo, se fora o caso, as súas propostas de programas para a Sección.
- 4.6. A votación realizarase coas papeletas provistas ao efecto e non se admitirán como válidas aquelas que non sexan as oficiais ou estas últimas cando sufriran modificacións.
- 4.7. Non se permite a delegación de voto, pero sí o voto por correo nos termos que establecen os estatutos colexiais.

- 4.8. A Mesa Electoral será elixida pola Asemblea de Socios/as da Sección e formarán Presidente/a, Secretario/a e dous Vogais coas funcións que lle son propias. Tamén poderán participar nela un/unha interventor/a por cada candidatura con voz e sen voto.
- 4.9. O/A Secretario/a co visto bo do/a Presidente/a levantarán acta da elección na que constará a composición da Mesa, os votantes que exerceron o dereito, os votos recibidos por cada candidatura, os nulos e os votos en branco, e as incidencias e reclamacións.
- 4.10. Será elixida como nova Xunta Directiva a candidatura máis votada que tomará posesión nun prazo máximo de dous meses.
- 4.11. A Xunta Directiva xuntarase por convocatoria do seu/súa Presidente/a, por acordo unánime dos seus integrantes, ou a petición dun tercio dos mesmos. Será convocada polo/a Presidente con 48 horas de antelación á súa realización como mínimo, especificando a orde do día, lugar de realización e hora da mesma.  
  
Os seus acordos requirirán para ser válidos o voto favorable da metade máis un dos seus membros.
- 4.12. A Xunta Directiva poderá constituir unha Comisión Permanente formada polo/a Presidente/a da Sección ou o/a Vicepresidente/a coa presenza mínima de tres membros para adopción de acordos e medidas urxentes cando así sexa necesario e que deberán ser referendadas pola Xunta Directiva nun prazo máximo de sete días.

**Artigo 5.-** Ademais do xa previsto no Regulamento Marco nos seus artigos 30, 31, 32, 33, 34, e 35, a Sección ordenará o seu réxime económico atendendo ás seguintes especificacións:

- 5.1. Anualmente a Xunta Directiva presentará para a súa aprobación pola Asemblea de Socios/as da Sección o Balance Económico do Exercicio Anterior e o Orzamento de ingresos e gastos para o seguinte.
- 5.2. A Asemblea de Socios/as da Sección poderá establecer unha cota para os seus asociados e asociadas anual e revisala cando a mesma o estime procedente. A cota abonaríase conxuntamente co primeiro recibo anual do Colexio a principios de cada ano natural.
- 5.3. Ademais do que dispón o réxime contable xeral do Colexio, a Sección levará unha contabilidade diferenciada accesible para calquera asociado/a cando así o solicite á Presidencia da mesma.
- 5.4. A Sección establecerá o réxime de compensacións dos gastos que aos/ás asociados/as lle xere o desenvolvemento de actividades propias da Sección de interese xeral e para as que previamente fora elixido. As



compensacións non poderán superar a contía do provisto no Régime Xeral do Colexio e non poderán ter finalidade remunerativa.

5.5. A Sección establecerá o régime da remuneración de actividades docentes ou de calquera outros de carácter laboral desenvolvidas para o cumprimento dos seus fins.

**Artigo 6.-** Os grupos de traballo previstos no artigo 2.3.5 e 2.3.13 deste Regulamento rexeranse para a súa constitución polo provisto a continuación:

6.1. Os/As promotores/oras dirixirán a proposta á Xunta Directiva na que se especificarán os obxectivos para os cales se constitúe e as condicións de participación dos/as asociados/as nos mesmos. A Xunta Directiva contrastada a súa adecuación aos fins xerais da Sección adoptará a decisión de aprobación ou denegación da súa constitución como grupo oficial de traballo de Sección. De ser aprobado preverá as medidas de apoio oportunas para o desempeño da súa actividade.

De resultar negativa a proposta os/as seus/súas promotores/oras poderán procurar, se o desexan, a súa constitución sen un carácter oficial.

6.2. A Xunta Directiva informará anualmente á Asemblea de Socios/as das decisións de aprobación ou denegación da creación de grupos de traballo e da memoria de actividades destes.

#### **Disposición Transitoria.**

Unha vez aprobada a creación da Sección polos órganos de goberno competentes do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a Comisión Xestora asumirá provisionalmente, e ata a realización no prazo máximo dun ano das oportunas eleccións, as competencias e funcións da Xunta Directiva; rexéndose para o exercicio das mesmas polo provisto neste Regulamento e assumindo como primeiras funcións entre as provistas no artigo 2 deste Regulamento as de nomear o Comité Científico e o Comité Organizador das I Xornadas Anuais, organizar o proceso electoral, o de asociación, o de recadación de cotas e o de organizar a administración da Sección.

#### **Disposición Final.**

Corresponde á Asemblea Xeral de Colexiados/as do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a aprobación, interpretación e modificacións deste Regulamento; e á Xunta de Goberno promover a súa aprobación e modificacións cando proceda.